

A RESTAURACIÓN

Os fracasos das experiencias da Monarquía e da República democráticas durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874), facilitarán a Restauración da Monarquía borbónica en España. **Entre os factores que facilitan a Restauración da Monarquía borbónica destacan** os enfrontamentos entre os republicanos intransixentes e gradualistas durante a I República, a continuidade das guerras Carlista e de Cuba, a falta de apoios de Serrano, o labor de Cánovas a prol da Restauración borbónica e o medo dos grupos conservadores ó espallamento en España da AIT e o medo á revolución social...axudaron a implantar a idea de que a **monarquía borbónica** era o **único sistema capaz de traer a estabilidade e orde social**.

Aínda que nun principio constitucionalistas e radicais oporán algunha resistencia, como é o caso de Sagasta, estes acabarán por colaborar na implantación do Sistema Canovista (o propio xeneral Serrano, despois dun breve exilio, colaborará co réxime).

AS BASES DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN

Aínda que Cánovas del Castillo era partidario da volta da Monarquía pacificamente, por aclamación popular, será o pronunciamento de Sagunto ó mando do xeneral Martínez Campos quen promova o recoñecemento de Alfonso XII como Rei de España.

Cánovas del Castillo será a figura principal neste período. Creador do partido alfonsino, conseguirá que a raíña Isabel II abdique no seu fillo. El será o creador dun sistema político que coñecemos como Sistema da Restauración ou Sistema Canovista, que xa se perfila no Manifesto de Sandhurst (Manifesto elaborado por Cánovas desde a escola militar inglesa onde se educa Alfonso, en agradecemento ás felicitacións polo seu aniversario e que servirá para que Alfonso se postule como futuro rei, pola **continuidade dinástica**, é dicir a volta dunha **monarquía** baseada na **tradición histórica, hereditaria** (en contraste coa de Amadeo de Savoia que fora elixida polo Parlamento), que ó mesmo tempo pretende ser unha **Monarquía representativa de todas as clases sociais**, de toda a nación. Unha monarquía que se declara **constitucional**, no sentido de atender ós votos e á conveniencia da nación como Rei de todos os españois, declarándose ó mesmo tempo liberal-respectuoso da Constitución- e católico.

Por virtude da espontánea e solemne abdicación da miña augusta nai, tan xenerosa como infortunada, son o único representante do dereito monárquico en España. Arranca este dunha lexislación secular, confirmada por todos os precedentes históricos, e está indubidablemente unida ás institucións representativas, que nunca deixaron de funcionar legalmente durante os trinta e cinco anos transcorridos desde que comezou o reinado da miña nai ata que, aínda neno, pisei con todos os meus o chan estranxeiro.

Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, é natural que volva os ollos ao seu acostumado dereito constitucional (...).

Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa, mirándoa como insubstituíble garantía dos seus dereitos e intereses desde as clases obreiras ata as máis elevadas. (...)

Pola miña parte, debo ao infortunio estar en contacto cos homes e as cousas da Europa moderna, e se nela non alcanza España unha posición digna da súa historia (...) culpa miña non será nin agora nin nunca. Sexa a que sexa a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin, como todos os meus antepasados, bo católico, nin, como home do século, verdadeiramente liberal.

Afonso de BORBÓN. **Manifesto á nación española**. 1-12-1874

Os principios do Sistema Canovista, ademais da lealdade á dinastía borbónica, son fundamentalmente os do Liberalismo doutrinario. O sistema implantado é unha Monarquía Constitucional, onde a soberanía e o poder lexislativo son compartidos entre o Rei e As Cortes e se conceden ampos poderes ó Rei.

Cánovas comparte con Jovellanos a Constitución histórica, Cánovas fala de **Constitución interna**, onde prevalecen o Rei e As Cortes, anterior e superior a calquera Constitución escrita.

Cánovas considera o catolicismo un elemento imprescindible da Constitución histórica e defende a confesionalidade do Estado, a continuidade dos privilexios da Igrexa católica e do seu monopolio do ensino.

Creo (...) que a forma máis perfecta de Estado, agora e sempre, (...) é a forma monárquica. Non digo que sexa a única; poderán organizarse doutra forma as sociedades humanas, non o nego; (...) pero creo que o instrumento máis grande do seu progreso, do seu desenvolvemento histórico é a monarquía hereditaria. (...)

Se queredes conservar a liberdade como eu quero que se conserve, preciso é que salvedes tamén a relixión e a monarquía. A liberdade, a relixión, a monarquía, preciso é estar cego para non velo, son os tres grandes e fundamentais sentimentos de que está posuída a nación española.

Antonio CÁNOVAS DEL CASTILLO. **Discurso** [no Congreso]. 8-3-1869

O principio hereditario (...): velaquí o que o Goberno chamou Constitución interna (...). O novo reinado afirma, baixo a miña responsabilidade, que, aceptando como base o principio hereditario, tocaba ao país, ás Cortes resolver o demais. Conste que estamos aquí para resolver isto, e que estamos aquí co principio que este Goberno profesa (...): que a soberanía reside nas Cortes co rei, e que, residindo nas Cortes co rei, as Cortes co rei son as que deben decidir libremente, (...) sobre a forma constitucional que conveña aceptar a España baixo a base do principio hereditario.

Antonio CÁNOVAS DEL CASTILLO. **Discurso** [no Congreso]. 11-3-1876

Para rematar co recurso ó pronunciamento por parte dos partidos excluídos do poder (tan corrente na monarquía de Isabel II que chamaba ó poder unicamente ós moderados, excluindo ós progresistas) e coa intervención do exército na política, trata de implantar a supremacía do poder civil sobre o militar e a Quenda de partidos.

Cánovas aposta por un réxime “civilista” na que o exército deixe de ser un protagonista político. Neste sentido pretende atraer ó exército como elemento integrado dentro do sistema mediante a imposición da figura do Rei soldado: O Rei convértese na autoridade suprema e directa do exército que queda á marxe do poder civil. Serán nomeados como senadores os principais cargos militares e concederáse para gastos do exército dunha parte significativa dos Presupostos do Estado.

A Quenda de Partidos: A Quenda é un sistema semellante ó británico, sistema político admirado por Cánovas, no que no poder se alternan 2 partidos dinásticos, o Conservador (liderado por Cánovas) e o Liberal (liderado por Sagasta). Quedan fóra do sistema, os partidos non dinásticos (carlistas, Republicanos, PSOE, nacionalistas cataláns e vascos). Estes partidos seguirán unha política de retraemento das eleccións, onde conseguirán unha moi pequena representación.

O Rei inicia a Quenda, dissolve As Cortes e nomea o goberno. O Goberno convoca eleccións e sempre consegue maioría absoluta. Rematado o goberno dun partido, o Rei chama ó

gobierno ó partido da oposición, quen convoca eleccións que acadan a maioría absoluta. Para que isto sexa posible compre recorrer ó fraude lectoral e ó caciquismo.

Ao saberse (...) que [Afonso XIII] agonizaba no Pardo, non vacilou Cánovas un momento, e decidiu aconsellar á raíña, inmediatamente despois do falecemento do monarca, a entrega do poder aos liberais, e así llo fixo saber ao duque de Montpensier e ao señor Sagasta, o cal deu orixe á acreditada lenda do pacto de El Pardo (...). A mañá mesma da morte do rei (...) celebrouse un Consello no palacio (...), no que entregaron todos os ministros as súas dimisións, fundando o presidente [Cánovas] a súa en que reinado novo reclamaba ministros novos.

Francisco SILVELA. Os partidos políticos, **Nuestro Tiempo**. 17-5-1902



Como se pode constatar, desde 1876 ata principios do s. XX existiu unha gran regularidade no tempo das quendas de goberno, nas maiorías acadadas polos partidos dinásticos e o reparto de escanos entre as 2 forzas políticas.

CONSTITUCIÓN DE 1876

A Constitución vai ser promulgada por unhas Cortes ordinarias elixidas por sufraxio universal (sufraxio implantado no Sexenio) para obter o maior respaldo posible. Non se debateron os artigos relativos ó Monarca e ás súas competencias (A figura do Rei é superior á Constitución).

A semellanza da de 1837, no contexto da Constitución hai que sinalar a presenza da guerra carlista (3ª Guerra carlista á que se engade a de Cuba) e a necesidade de articular unha Constitución que contente ó mesmo tempo a conservadores e liberais.

A Constitución de 1876 toma a organización dos poderes, a soberanía e os poderes do Rei da Constitución de 1845, mentres que a redacción dos dereitos é semellante á democrática de 1869.

Pode considerarse como unha Constitución conservadora e doutrinaria. Afirmar a soberanía compartida entre o Rei e As Cortes.

En canto ós dereitos e liberdades, a redacción é semellante á Constitución de 1869, pero os dereitos son concesión dos poderes públicos, non son naturais, nin inviolables. Remítense a leis posteriores, onde se recortan, e non están garantidos.

O artigo 17, das garantías constitucionais, **permitía suspender mediante lei algúns dereitos e liberdades: garantías do detido, inviolabilidade de domicilio e correspondencia, liberdade de expresión e prensa, dereitos de reunión e asociación** en circunstancias extraordinarias e

pola seguridade do Estado, incluso cando non estivesen reunidas as Cortes. Entre 1876 e 1917 ata 19 veces foron suspendidas as garantías constitucionais, e desde 1917 o estado de excepción foi moi frecuente

En canto ós poderes, **a peza básica do sistema é o Rei** que está por riba da Constitución e que goza de amplos poderes. Ó **Rei correspóndelle o poder executivo**, comparte coas Cortes o poder lexislativo e ten dereito de veto das leis. Ten a Prerrogativa Rexia: Nomea libremente ó goberno, dissolve As Cortes. Ademais dirixe a diplomacia e é o Xefe do exército (Rei soldado)

Poder Lexislativo: compartido o Rei con Cortes bicamerais, Congreso e Senado(senadores electivos, de dereito propio, e elixidos polo Rei). Durante moitos períodos As Cortes permanecen disoltas.

Non se fala do Poder xudicial. O goberno nomea a xuíces e maxistrados. O xuízo por xurados non se contempla.

En canto ás **relacións Igrexa-Estado**, proclámase o estado confesional: A Relixión Católica é a relixión oficial(pretende atraerse tamén ó carlismo) pero admítase o culto doutras relixións en privado (ante a presenza de capitais británicos en España e para dar unha imaxe demodernidade).

Estado centralizado. Deputacións e concellos quedan supeditados ó Estado. As Deputacións podían revocar os acordos dos concellos. A lei municipal de 1877 remataba coa elección popular dos alcaldes. En 1876 suprimíranse os foros vasco e navarro, pero en 1878 establecerase o **cupo** coas Deputacións vascas (As Deputacións subministraban o cupo de homes do País Vasco para o exército e tamén o cupo asignado ó País Vasco nos Presupostos do Estado).

Non se contempla o **Sufraxio:** Lei posterior. A de 1878 só admitía o voto dos maiores de 25 anos e so tiña dereito a voto o 2'1% da poboación. Non é universal ata 1890. A circunscrición electoral admite a reducida a 1 so escano.

Don Afonso XII, pola graza de Deus, rei constitucional de España, a todos os que as presentes visen e entendesen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do Reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):
Art.11. A relixión católica (...) é a do Estado (...). A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado no territorio español polas súas opinións relixiosas nin polo exercicio do seu propio culto, agás o respecto debido á moral cristiá.

Non se permitirán, porén, outras manifestacións públicas que as da relixión do Estado.

Art.13. Todo español ten dereito: de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...), de reunirse pacificamente (...), de asociarse para fins da vida humana (...).

Art.18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art.20. O Senado está formado de (...) senadores por dereito propio, de senadores vitalicios nomeados pola Coroa, de senadores elixidos polas Corporacións do Estado e os maiores contribuíntes na forma que determine a lei. (..

Art.27. O Congreso dos Deputados está formado polos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei (...).

Art.28. Os deputados elixíranse e poderán ser reelixidos indefinidamente polo método que determine a lei.

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 51º. O Rei sanciona e promulga as leis (...)

Art. 54.- Corresponde ademais ó Rei:

(...)

4. Declarar a guerra e facer e ratificar a paz, dando despois conta documentada Ás Cortes.
5. Dirixir as relacións diplomáticas e comerciais coas demais potencias.
8. Conferir os empregos civís e conceder honores e distincións de todas as clases, conforme ás leis.
9. Nomear e separar libremente ós Ministros.

Constitución española. 1876

A VIDA POLÍTICA. CACIQUISMO E FRAUDE ELECTORAL.

Entre 1876 e 1923, todas as eleccións as gañan os gobernos que as convocan, acadan entre un 60 e un 70% dos representantes). Os gobernos pasaban dunha elección a outra de ter unha maioría significativa a un número exíguo de escanos na seguintes eleccións. Isto **era aceptado polos 2 partidos por mor da confianza de acadar na próximo quenda a maioría absoluta.** Durante este tempo, os partidos dinásticos obtiveron unha amplísima maioría, respecto ós non dinásticos (92% en 1884, 82'7% en 1901). Para facer posible o funcionamento do sistema, recórrese a 2 prácticas, caciquismo e Fraude electoral

O CACIQUISMO.

O caciquismo ten a súa implantación no rural, en zonas de atraso económico, dispersión da poboación e debilidade do Estado. Os Caciques son homes de arraigo e posición social nas zonas rurais e nas vilas, (grandes propietarios) que teñen influencias na Xustiza e na Administración Local, provincial e nacional. Intercambian favores por votos e pertencen a ambos partidos dinásticos. O cacique **aporta a súa rede clientelar, o seu dominio e influencia sobre os veciños e as autoridades,** na mesma relación de favores por votos. Nalgunhas comarcas **a forza dos caciques permitía que moitos distritos,** como se fose un feudo, **fosen sempre controlados pola mesma familia** ou saíse sempre elixida a mesma persoa, eran os **distritos enfeudados**

Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en *Política española* (antoloxía de artigos), 1884: “Consecuencia de todo elo é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que disfrutaban os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto da contribución carga a man ó adversario, alixeirando ó amigo (...). Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servicios presta ó deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias (...)”.

“ concedendo dunha banda a persoas particulares que eran os seus clientes cargos municipais, exencións fiscais, licenzas irregulares, redencións de milicias, falsas ou diminuídas declaracións de terras*, concesións de aproveitamentos comunais, explotación de montes, ingresos en escolas públicas ou en hospitais provinciais ou municipais, concesións de construcións de obras municipais, recomendacións ante a administración, distribución ilegal de fondos municipais ou de pósitos, alteracións nas matrículas de contribucións. Doutra banda outorgábase a pobos e comunidades que estaban baixo o seu padroado obras de estradas, ferrocarrís, escolas, casas consistoriais, pontes, mercados, camiños veciñais, instalacións militares, ata tal punto que cando o Concello se resistía a colaborar no proceso electoral procedíase a suspendelo temporalmente, a cambiar ó alcalde ou ó xuíz local”.

Historia de España Siglo XX. 1875-1930. Ángel Bahamonde (Coordinador)

*Hai que ter en conta que o principal capítulo de ingreso do Tesouro era a contribución de “inmóbles, cultivo e gandería”

O sistema do caciquismo funciona en **3 niveis**. Nun nivel superior, **en Madrid** o Ministro de Gobernación fai o encadramento dos candidatos dos partidos nas distintas provincias. Na

Provincia, o Gobernador civil, é o responsable da elaboración do censo e era quen debía recadar os apoios para acadar o encadramento; os alcaldes, ademais de organizar as eleccións (censo, lugar de celebración, mesas electorais...) tiñan a capacidade de xestionar favores (*podían manipular os datos para diminuír a contribución ó estado, ben fosen impostos, ben o recrutamento militar...*), os xuíces, no caso de non ter asegurado o triunfo ou non acadarse os resultados que se esperaban, podían suspender concellos, manipular o censo ou validar os fraudes. Nos **concellos**, os caciques indican o voto ó pobo a cambio de favores.

“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consoma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”

Valentí Almirall. 1880.

Se non é suficiente o poder dos caciques, recórrase ó

FRAUDE ELECTORAL

Durante a Restauración recórrase de forma permanente o falseamento electoral. Entre as prácticas que se exercen (compra de votos, incluír no censo a mortos (que votan), manipulacións do censo, ameazas, falsificación de identidade, encarceramento de opositores, colocar urnas en árbores, clubs privados...) podemos destacar o Pucheirazo que consiste en introducir na furna os votos necesarios para a vitoria electoral.

Cando non é suficiente o clientelismo dos caciques ou ben se producen resistencias empréganse as ameazas, uso da forza e todo tipo de accións fraudulentas.

“... por medio de coaccións económicas no terreo individual, coaccións morais por ameazas de expulsión, abandono de terras, denuncias, execución de débedas...actuación de matóns ou bandoleiros, partidas da porra obrigando a votar, ocultación de urnas, roubos de actas, secretarios de Concellos dispostos a violentar a documentación segundo os ditados do cacique, atraso de reloxos, suspensión de Concellos, substitución do contido das urnas polas papeletas postas en riba da mesa mediante un golpe de pucheiro ou pucheirazo do cacique, ou falsidade nos censos facendo votar ós mortos”.

Historia de España Siglo XX. 1875-1930. Ángel Bahamonde (Coordinador)

CONCLUSIÓN

A Restauración Borbónica supón o triunfo dun sistema político baseado na Monarquía Constitucional e no Liberalismo doutrinario. **Un réxime oligárquico, clerical, non democrático, seudoparlamentario, cunha clase política formada por camarillas de notables que eran os que ocupaban os cargos públicos dun Estado débil, que basea a súa estabilidade no caciquismo e no fraude electoral.**

Como resultado producírase o distanciamento entre a “España real”, onde van crescendo novas correntes sociais e políticas, socialismo, anarquismo, republicanismo, nacionalismos...e a “España oficial” controlada por unha elite política e social que se perpetúa no poder. O Desastre de 1898, coa derrota española na Guerra de Cuba fronte ós EUA, marcará o inicio da crise do Sistema da Restauración.